

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/11/2019 8:16:57

SAIDA

12830/19

[REDACTED]

Reclamante [REDACTED]  
Expediente. Nº **RSCTG 137/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 30 de setembro de 2019, a Comisión da Transparencia, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 26 de novembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 30/09/2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 19 de setembro de 2019, do Xerente do Servizo Galego de Saúde pola que se lle concede acceso á información solicitada referente á actividade dun facultativo.

O reclamante indicaba na súa reclamación que a resposta non existe por que o único que di é que o facultativo traballou ese día. No apartado de causa de denegación da información solicitada da reclamación do interesado, unicamente fai constar "corporativismo médico".

O escrito viña acompañado de copia a da súa solicitude, da resolución da mesma e do seu DNI.

**Segundo.** Con data 1 de outubro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 8 de outubro de 2019, sen que se recibise a copia do expediente e informe solicitado.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as

persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Sanidade resolveu con data do 19 de setembro de 2019 e o interesado presentou a reclamación con data do 30 do mesmo mes, polo que debe admitirse por estar interposta en prazo.

## Quinto.- Análise do expediente

A solicitude de acceso á información presentada polo reclamante, ten por obxecto coñecer cal foi, minuto a minuto, a actividade asistencial, ou de descanso, dun determinado facultativo do Servizo Galego de Saúde nun día determinado no que se lle realizou unha intervención.

A resolución do xerente do Servizo Galego de Saúde de 19 de setembro de 2019, concede o acceso á información solicitada no que comunica que segundo os datos que constan na actividade de garda do día solicitado, non consta ningunha incidencia en relación co servizo de cirurxía maxilofacial. A garda realizouse con normalidade constando que o facultativo asignado á cirurxía maxilofacial, realizou as tarefas de atención continuada habituais. Comunica o SERGAS que toda a asistencia aos pacientes que se realiza nas gardas rexístrase dentro da historia clínica de cada paciente, polo tanto, son datos especialmente protexidos das persoas que requiriron asistencia sanitaria nesa data, e que non se realiza nin se dispón dun rexistro da actividade das tarefas "minuto a minuto" dos profesionais durante as gardas dos facultativos de ningún centro sanitario público de Galicia xa que non forman parte do conxunto mínimo básico de datos (CMBD) de información asistencial regulado normativamente para o Sistema Nacional de Saúde.

Como se di no fundamento xurídico terceiro desta resolución, por información pública debemos entender os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións. Como afirma a resolución do SERGAS impugnada, o solicitado polo interesado, isto é, *coñecer minuto a minuto a actividade dun facultativo nun día concreto*, é unha información que non se rexistra e polo tanto non existe, polo que non pode ser considerada como información pública, ao non ser información en poder do suxeito obrigado, neste caso o SERGAS. De acordo co anterior, a resolución impugnada debe considerarse conforme a dereito.

A Consellería de Sanidade non remitiu o informe e o expediente solicitado por esta Comisión, polo que se lle lembra, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, a súa obriga de facilitar á Comisión a información que se lle solicite para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

## ACORDA

**Único** : Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 30 de setembro de 2019, contra a Resolución do 19 de setembro de 2019, do Xerente do Servizo

Galego de Saúde pola que se lle concede acceso á información solicitada referente á actividade dun facultativo.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2019

76706870F	Firmado digitalmente
MARIA DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)	por 76706870F MARIA DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
S6500009C)	Fecha: 2019.11.27 11:24:52 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia**